

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE E O CONCELLO DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN EN LINGUA GALEGA PARA O ANO 2021

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Universidade **DECLARA:**

Que se pretende formalizar co **Concello da Coruña** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatrua ata o 31.12.2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, e o Concello da Coruña para a realización de actividades de formación en lingua galega dirixidas ao persoal ao servizo deste concello.

Que existe converxencia de intereses entre as partes para a consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional se fundamenta no seguinte:

Que as partes pretenden colaborar conxuntamente para fomentar e promover o uso da lingua galega, de acordo co disposto na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, que establece que o galego, como lingua propia de Galicia, é lingua oficial das institucións da comunidade autónoma, da súa Administración, da Administración local e das entidades públicas dependentes da comunidade autónoma. Así mesmo, contempla a obriga dos poderes autonómicos de promover a progresiva capacitación no uso do galego do persoal afecto á Administración pública e ás empresas de carácter público de Galicia.

Que as partes tamén colaborarán na execución do Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado en 2004, que recolle, entre os seus obxectivos específicos, o de consolidar o galego como lingua xeral de referencia na Administración local e o de mellorar a calidade do idioma falado e escrito polo persoal ao seu servizo. De igual modo, tamén colaborarán na implantación do Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico, aprobado en 2016, para fomentar o uso do galego nos diferentes eidos sociais e económicos de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante un contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

De acordo co exposto, e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela.

O secretario xeral de Política Lingüística

Valentín García Gómez

